

CASTELAO E AS MOCEDADES GALEGUISTAS

X.A. VILLAR PIÑON

"A liberdade individual nos
pobos soxuzgados é un mito"
(Castelao)

"Confieso sinceramente, a pesar de todo, que ni a mí, ni a muchos, ha convencido la filosofía, ni la técnica de Castelao. Su Galicia es falsa. Tan falsa como la de Valle-Inclán. Los tipos de una y otra son inventados. Castelao es un dibujante de lugares comunes, divorciados de la realidad."

Estou a ler, naturalmente, un anaco do artigo asinado polo xornalista chantadián, D. José Costa Figueiras, e publicado no Semanario *El Regionalista*, un 10 de Xuño de 1923.

Noutro párrafo do mesmo artigo engadíase:

"Lógicamente borrarase presto de la mente del pueblo galaico la remembración de la reexposición de Castelao. A mí evocome en la mente la visión de la última Exposición Nacional de Bellas Artes. En ella figuraban para nuestro orgullo los grandes glorificadores de Galicia: Sotomayor, Llorens, Castro Gil (...), hábiles intérpretes de las bellezas del paisaje, de la austeridad de las costumbres y de la gallardía de las danzas. Castelao ignora por lo visto que hay una sentencia de muerte para los artistas estáticos. ¡Renovarse o Morir!".

Sirva pois, esta agria referencia a Castelao, que hoxe co paso do tempo, invítanos máis ó sorriso que á xenreira, para esguella-lo marco histórico -crú e apai-soante a un tempo- no que percorre a súa vida.

Coa Dictadura de Primo de Rivera comeza a primeira das moitas noites de pedra que ha vivi-lo galeguismo.

Erguerá Castelao a súa arte, maxestosa, fronte os que pretenden acalar os anceios de xusticia do noso pobo. Ese Castelao que nun pasaxe de "Cousas", confésanos: "Un día de Nadal, ollando unha paisaxe que imitaba un nacemento, decateime de que hai máis fermosura nas floríñas dos campos que nas flores do xardín. As floríñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Bruegel o Vello, mentras que as froles froulentas do xardín semellan os encoiros manteigosos de Rubens". Estaba Castelao con Bruegel, porque ámbolos dous artistas compartían unha común postura ante a sociedade na defensa dos oprimidos, dos que sofren as consecuencias dunha determinada estrutura social, na que hai vítimas pero tamén culpabeis. E claro que non estaba Castelao na liña de Sotomayor, Sobrino ou Castro Gil, como sinalaba o "ilustre" autor do devandito artigo, espalladores dunha Galicia folclórica, allea á súa realidade social, como

tampouco o estaría con Velázquez ou Rubens, dóciles servintes de élites e castas. A caricatura e a pintura de Castelao, calificada de "realista popular" é unha contribución esencial e xenuína ó despertar do pobo galego, ó tempo que un exemplo da universalidade da Galicia de Castelao.

É vai ser precisamente cunha exposición dos seus debuxos, como Castelao entrará a formar parte do Seminario de Estudos Galegos. Alí tomou contacto ca mocidade ó traveso especialmente da Sección de Etnografía, atraendo co seu traballo e simpatía a aquel grupo de rapaciños que un 12 de Outubro de 1923, saíra a pé camiño de Amaía, para funda-lo centro científico e patriótico máis fecundo do século. Será a emocionada prosa de Otero Pedrayo, a que nos sinala: "A carón dos vedraios investigadores, traballaban os mocíños, e foi un clima de calmo entusiasmo, de sazóns delicadas, a flol da descuberta dunha florida eirexa románica, dunha grave asambrea de castros, da resonancia de fontela no ermo dunha cantiga, da volta á luz das paixós e intereses encubertos na poeira dos manuscritos". Un daqueles rapaces, o profesor Martínez López, ten suliñado: "Ambas xeneracións, a de NOS e a do Seminario, actuaron na terminoloxía de Ortega, dun xeito aglutinante. O pensamento daqueles mozos atopou nos homes de NOS, émulos e vieiros".

Non debe extrañar pois a ninguén, que a maioría daqueles rapaces entraran a formar parte, xunto a Castelao e Bóveda, na fundación do PG, nas históricas xornadas do 5 e 6 de Nadal de 1931 en Pontevedra. Un ano máis tarde, Alvaro das Casas, funda en Noja os grupos "ULTREYA", que axiña xurdirán por toda Galicia, chegando a contar en pouco tempo con máis de 1500 afiliados. Cada grupo local dividíase en "liñas" formada cada unha por dez "ducias"; as "liñas" eran rexidas por maiores e as "ducias" por guieiros. Organizaban xeirás de tipo cultural-patriótico, estudiando os costumes, as artes populares, recollendo o folclore e realizando unha labouira divulgativa ó traveso de conferencias e publicacións de biografías de personalidades galegas, de poemas e cantares. Así mesmo realizaron un cruceiro polas rías baixas, a bordo dun balandro. Nos seus peitos, un trisquel bermello, no seu bico un cantar:

Regueifa dos Ultreias

A balandra dos Ultreyas
leva os corazóns por vela
navega cará ó futuro
toda Galicia vai nela
Toda Galiza vai nela,
prenda do meu paladar
os mares polo infinito
que leviáns son de pasar
prenda do meu corazón
os astros forman trisqueles
en cada constelación.
En cada constelación

oese cantar unha estrela:
"Alá vai a frol das naos
toda Galiza con ela".

Ino dos Ultreias

Ei Armórica, Cornubia e Cambria
Scocia, Eirín, Galiza e a illa de Man!
son as sete nazóns celtas
fillas do rei Beogán
Miña patria Galiza
ti es, e ti serás
cos teus verdes agros
o máis quente fogar
Ei Armórica, Cornubia e Cambria
Scocia, Eirín, Galiza e illa de Man
son os sete ciños brancos
os fillos de Damiáns!
Para ti miña Patria
nos peizos un cantar;
nos feitos a ledicia
da nosa mocedá.

A letra das cantigas, obra dun dos mellores poetas da Terra, Fermín Bouza Brey, será publicada polos exiliados do Partido Galeguista en México no 1943, dentro do "Cancioneiro da Loita Galega".

O tempo de crearse o grupo Ultreya, xurden os primeiros núcleos de Mocidades Galeguistas na Coruña e Ourense, tutelados e fomentados por nacionalistas adultos. Lenta e illadamente van xurdindo por toda a xeografía galega novos grupos. O seu artellamento e actuación -seguindo a Xavier Castro- podemos dividi-lo en tres etapas:

1ª. Creación dos primeiros grupos (Febreiro de 1932-Maio de 1935).

Nesta etapa preténdese acadar e consolidar unha estrutura organizativa interna. Sempre dentro dunha dependencia a xeito de apéndice do P.G., tal e como Bóveda o concebía, segundo nos declarou F. Del Riego. Se Castelao era o corazón do P.G., Bóveda será o seu cerebro e o brazo actuante, e como tal, non cesará no seu empeño de que as Mocidades acaden un definitivo pulo. Como mostra disto atopámo-la seguinte nota no seu diario, escrita curiosamente xusto tres anos antes do seu pasamento:

"Xuntanza da Mocidade de Pontevedra.

Presidina despois de ter falado particularmente co'iles sobre das aitividades que con-viña desenrolar.

Os que teñen verdadeiro entusiasmo son poucos, e coído que a estes mesmos lles fallan azos e disposición pra face unha laboura xurdida. A nova Directiva non está mal.

A idea da Federación de Mocedades semella que os entusiasinou, e tamén quedou trazado un plan de traballo que velarei para que sexa desenrolado.

Propoño adicar atención ás Mocedades i Xa veremos qué se pode facer! Teño esperanza".

No primeiro de Outono de 1933 aparece a seguinte nota no seu diario reveladora do seu interés, preocupación e traballo cara a mocidade:

"Conferencia de Filgueira.

Formidable. En castelán, pero formidable. Os mozos moi bien, ao rematar cantouse o Himno e houbo vivas a Galiza Ceibe e A República.

Hay que imprimir esta conferencia, coa de Del Riego pra repartir aos estudantes."

O posicionamento das Mocedades nesta primeira etapa é contrario ó establecemento de pactos cas forzas republicás e autonomistas de esquerdas, camiño emprendido polo partido na derradeira etapa, polo tanto ven con agrado o Pacto Galeuzca, asinado polo P.G. en 1934 coas outras forzas nacionalistas de Euzkadi e Catalunya. Neste mesmo ano ten lugar a constitución efectiva como Federación de Mocedades Galeguistas (F.M.G.), o 13 e 14 de Xaneiro en Ourense.

2ª. Maio de 1935-Maio de 1936.

Na segunda assembleia a corrente arredista ocupa os órganos de dirección das Mocedades.

Se cadra esta radicalización que leva ó triunfo dos arredistas, teña súa orixe nas circunstancias políticas do momento (Bienio Negro Republicán. Desterro de Castelao e Bóveda a Badajoz e Cádiz respectivamente, polo goberno de Lerroux). A desaparición da "Segredaría" de enlace co P.G., ó cargo de Aquilino Iglesia Alvariño, creada na 1ª etapa; así como a aparición de guieiro como voceiro das Mocedades, desligándose de A.N.T. serán dous síntomas do distanciamento destas co partido. Motivaránse tensións por esta causa entre a postura de Bóveda e o resto do partido, evitando críticas e intromisións, salvará unha posíbel ruptura. Rexeita-rán a corrente culturalista, adoptando unha "loita política directa". Unha mostra do arredismo desta etapa foi a adopción do seguinte poema de Brañas como Himno das Mocedades:

"Casta dos celtas desperta axiña,
ergue do fango da escravitú.
Patria da ialma, teus ceibes cantos
enchan o mundo de norte a sul.

Dos meus pasados bendita terra,
nai amorosa da miña nai,
creba as cadeas que te asoballan
e cingue a cróa da libértá.

Cantái, galegos, o hino xigante
dos pobos libres, dos pobos grandes;
Cantái galegos a idea santa
e da independencia da nosa Patria.

Os de Castela son castelaos,
os de Galiza galegos són,
pero non somos, como hespañoles,
nin eles amos nin servos nós.

Das costas bravas do Finisterre,
hastra as douradas veiras do Sil,
ruxan os berros de guerra e morte
contra os tiranos do meu país.

Cantái, galegos, o hino xigante
dos pobos libres, dos pobos grandes;
Cantái galegos a idea santa
da Independencia da nosa Patria."

alfredo brañas.

3ª. Maio 1936-18 de Xullo de 1936.

A derrota dos arredistas na III Asamblea está motivada, en gran parte, pola urxente necesidade da aprobación do Estatuto, e marca unha liña de actuación posibilista. A campaña plebiscitaria en col do Estatuto enriquecíase cas actuacións das Mocedades en tódolos eidos.

Unha anécdota significativa é a que conta Avelino Pousa Antelo cando se lembra das viaxes en camioneta polas rúas e bisbarra de Santiago, repartindo panfletos, propaganda e dibuxando muráis, algúns especialmente artísticos como os de Isaac Díaz Pardo.

Será un membro das Mocedades, Ramón Piñeiro, o que asuma as funcións de "Segredario" Provincial do Comité do Estatuto de Lugo.

As características xerais das Mocedades ó longo da súa traxectoria podemos resumilas nos seguintes puntos:

- Acentuación do carácter nacionalista, verbo das posicións do partido.
- Carácter democrático tanto no senso de organización interna como no político-social.
- Integracionismo das distintas tendencias ideolóxicas, non diferindo neste punto do P.G. A heteroxeneidade ideolóxica amósase na diversidade de correntes no seo das Mocedades, sen chegar a adoptar un carácter orgánico. Entre elas cómpre destacar:

a) A Corrente Arredista: Sector moi numerosos, dunha exaltada pureza nacionalista.

b) Corrente Conservadora: Creían necesario que o nacionalismo se declarase antimarxista, católico confesional, e son contrarios a toda clase de alianzas, dada a súa concepción tradicional de Galicia.

c) Corrente Apartidaria: Conciben o nacionalismo como un movemento plenamente integrador e refugan a actuación política sistemática e continuada.

d) Corrente Marxista: Facía especialmente fincapé en que a F.M.G. prestara atención ó mundo obreiro.

Todas estas correntes eran minoritarias. A maioría non é marxista nin antimarxista, limitábase a considerar -segundo Xavier Castro- que o comunismo resulta inaplicábel a Galicia, por estar a propiedade agraria moi repartida e escasearen os asalariados. Dexergan o marxismo, xa que logo, como unha doutrina importada, que non respostaba ás necesidades de Galicia. Hai pois unha coincidencia total coas ideas de Castelao neste senso, tal e como amosa o seguinte párrafo de "Sempre en Galiza":

"Pode decirse que Galiza é un país precapitalista, povoado por traballadores que viven dun mísero xornal, que eles mesmos extraen da terra ou do mar, sen industrias dabondo para absorber o excedente de poboación labrega e mariñeira; cun paro forzoso e un déficit pecuniario constantes, que se resolven pacificamente por meio da emigración. En fin, Galiza ten unha vida diferenciada dentro de Hespaña, cunha morfoloxía social i económica tan peculiares, que por plantexar problemas minoritarios, queda sempre ó marxe da Lei Xeral do Estado e das preocupacións que a loita de clases plantexa no mundo capitalista".

Por outra banda esta corrente maioritaria das Mocedades valora positivamente os avances de xusticia social operados nos países de réxime comunista e condena o que ten de dictadura. A postura de Castelao e novamente coincidente neste senso lembrémo-lo seguinte anaco da conferencia pronunciada por él na Universidade de La Habana, o 17 de Nadal de 1938:

"Todo el mundo sabe que en España no se va a implantar el comunismo; pero todo el mundo sabe que queremos implantar un régimen de estricta justicia en el orden social y económico y muchos españoles leales estamos plenamente convencidos de que para estos avances se hace necesaria una previa estructuración federativa del Estado. A este respecto, yo que no soy comunista, admiro el talento previsor de los políticos de la URSS."

Malia a inexistencia dun programa escrito, podemos asexar nos órganos de expresión das Mocedades, A.N.T. primeiro, en "Guieiro" despois, e no primeiro e derradeiro número de Nazón, a coincidencia de principios programáticos cos recollidos no programa do P.G. "Patriotismo, Anti-imperialismo, Democracia, Universalismo". A este respecto o amigo persoal de Castelao, hoxe Presidente de Honra do P.G., D. Ramón Martínez López, lémbraunos como foi Castelao o autor do punto cuarto da "Declaración de Principios do P.G."; "Galiza célula de universalidade (anti-imperialismo, federalismo internacional, pacifismo)".

Gustaba Castelao de contactar coa mocidade dende os tempos do Seminario de Estudos Galegos, ata as xuntanzas no Café "Derby" ou no "Roma". Se ben o seu labor parlamentario impedíalle ter unha estreita e cotiá relación. Será ó traveso de Bóveda, verdadeiro aguillador patriótico da mocidade, como sinala Ma-

nuel Beiras García, como o pensamento de Castelao, plenamente identificado con Bóveda, chegue a eles.

Castelao tññase convertido no que Rof Carballo chamou: "unha inxente condensación de verdades imposíbeis de aprehender polos homes".

O noso Daniel, símbolo da Galicia inmorredoiroa, espírito, alento, e baruda voz do noso pobo, foi, é e será un guieiro para a Mocidade Galeguista, para os que escollen o vieiro dos "bós e xenerosos"; dos que queren ergue-la Nosa Terra ó rol que lle corresponde.

Quizás soubo Carballo Calero interpretar nestas verbas a mensaxe actual de Castelao:

"Onde está a reserva que nos garanta a continuidade senom entre a gente nova?... Esta reserva viva, este viveiro de Carvalhos Bravádigos ha estar sempre a punto para encher ocos. Porque estes se producen decotío entre nós: uns morremos outros ficamos inúteis para o servizo, outros fraquejamos, outros apostatamos, outros disfarçamos coas antigas fórmulas as novas actitudes. Já non se pode contar coa carocha comesta polos bugalhos, coa sobreira fendida polo raio, co freijo enxertado de planta de jardim, co pinheiro que se trocou em oliveira, co castiñeiro que agacha améndoas amargas nos seus ouriços. Uns á cova, outros ao asilo, aqueles ao hospital, esoutros o desterro, os de máis alá ao detector de mentiras, todos ficamos fora de combate, cando nom combatemos contra o que outrora defendéramos.

As ringleiras aclaram-se. A vós, moços corresponde enchelas agora e comandalas algún día. Só un projecto ousado e austero pode mover-vos. Por isso sodes necesarios para evitar a esclerose do galeguismo, ferido pola velhice e desfigurado pola desilusóm.

Como olhparos, tedes que estar á espreita da lebre que chouta e do posto que fica valeiro."

¡E por sempre, Terra e Liberdade!

Bibliografía

"Perspectivas e Testemuñas en col do Seminario de Estudos Galegos", *Caderno do laboratorio de Formas de Galicia*.

"O Galeguismo na encrucillada republicana", Xavier Castro.

"Sempre em Galiza", Castelao.

"Olláparo", *Revista da Sociedade Cultural Chirlateira* nº 3.

"A Nosa Terra", Número extraordinario adicado a Castelao e Bóveda.

"Castelao e Brueguel" artigo de Xosé A. Gacío publicado en *La Voz de Galicia*, 11 de setembro de 1971.

Persoeiros entrevistados

Francisco Fernández del Riego, R. Martínez López, Avelino Pousa, Manuel Beiras García, Ricardo Carballo Calero, e Antonio Fraguas.